

**TRADUTORA/TRANSGRESORA:
TRADUCIR ROSALÍA «PARA OS
GALEGOS»¹**

RETRUQUE AO RELATORIO DE
KATHLEEN MARCH

M.^a Teresa Caneda Cabrera

Universidade de Vigo

doi:10.17075/rcsxxi.2014.034

¹ Este traballo é parte do proxecto de investigación «Ex-sistere» sobre a literatura de muller en Irlanda e Galicia financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad (FFI-2012-35872) e FEDER.

A meirande parte dos traballos en que abordo a análise da tradución literaria centráronse no concepto de tradución en relación ao proceso de «inscrición» que se produce cando un texto se insire nun novo sistema literario¹. É por iso que nas miñas achegas tento explorar como a tradución vai asociada sempre, en maior ou menor medida, a un proceso de «reinención» e «resignificación», que se pon de manifesto a través de estratexias do que xa nos anos noventa, no seu emblemático estudo *Translation, Rewriting, and the Manipulation of Literary fame* (1992), André Lefevere chamara «reescrita». Traio aquí estas ideas para reclamar que non é ousado, nin moito menos, dicir que, cando un texto se traduce, se orixina de novo xa que se escribe, por primeira vez, para unha comunidade lectora específica nun momento e un lugar nos que nunca existira antes, a miúdo reartellándose a través de estratexias de resignificación, máis ou menos explícitas, cuxa finalidade última é favorecer que o contexto sociocultural de chegada ampare o produto literario alleo. Neste escenario, os estudosos da tradución coinciden (aínda que desde perspectivas teóricas moi variadas) en facer fincapé na importancia de analizar as institucións e circunstancias socioculturais que acollen ao texto traducido xa que son estas as que redefinen o valor dese texto. Tal e como eu o entendo, a tradución literaria non pode máis que ser contemplada como unha complexa operación de negociación cultural, necesariamente observada en relación con factores determinantes no desenvolvemento doutras instancias e procesos sociais e culturais cos que coexiste.

En último termo, habería que considerar tamén que a tradución non se limita exclusivamente a trasladar os valores dunha cultura allea a través da reescrita dun texto foráneo, senón que, como se dun espello se tratase, reflicte os intereses propios da comunidade receptora mediante os valores que o tradutor ou tradutora decida incorporar. Como Lawrence Venuti, outra das voces máis autorizadas, sinalou: «o

1 Véxase, por exemplo, «Literatura, tradución e reconfiguración da identidade nacional: a “apropiación galega” do *Ulises*» (1998); «Literature, Translation and Ideological (Trans)action» (1999); «Translation and Community: Negotiating the Inscription of English Literature in Spain» (2001); «Quen lle ten medo a James Joyce? Reflexións en torno á inminente tradución galega de *Ulysses*» (2006).

texto traducido convértese nun controvertido espazo de interpretación»² (Venuti 2000: 477). De feito, o texto traducido pode chegar a resoar de modo excepcionalmente novo entre os lectores e lectoras de culturas, épocas e territorios diferentes cando, á marxe das necesarias transferencias lingüísticas e as adaptacións culturais que toda tradución require, interveñen de forma explícita factores sociais, políticos e culturais que condicionan e mesmo determinan a reescrita do texto e a reconfiguración da propia imaxe do/a autor/a.

Dado que, como apuntaba con anterioridade, a través da tradución cada cultura e cada tradutor ou tradutora poden asignar unha función ben diferente a un mesmo texto, a análise dunha tradución literaria, así como da súa recepción e circulación, dificilmente poderá disociarse do estudo de aspectos extraliterarios tales como as expectativas dos lectores e lectoras da tradución, os intereses ideolóxicos do novo contexto, as esixencias ditadas polos mercados editoriais, as políticas culturais das institucións imperantes e, por suposto, as conviccións e intencións de quen traduce.

Invocar o concepto de tradución como «reescrita» e lembrar a relevancia da ideoloxía de «quen traduce» resulta fundamental para entender o texto de Kathleen March, «De máscaras e disfraces: as literatas van así. Flavio e mais o Cabaleiro vestidos de inglés». A propia March, que cita os estudosos da tradución Susan Bassnett e o xa mencionado Lefevere, iniciadores da noción de tradución como «manipulación» (Lefevere 1992: 9), advirte que «traducir é unha actividade complexa» e explica, en referencia ás súas primeiras traducións da obra en prosa de Rosalía, que, cando traduciu *La hija del mar* (publicada como *Daughter of the Sea*, Peter Lang, 1995), «pensaba simple e dereitamente en termos de reivindicar unha parte da obra dela [...] presentala como galega e feminista». Máis adiante aclara, ademais, que a súa intención como tradutora que «intervén» no texto, tamén a través das notas e o limiar, era «espallar a información sobre a Galiza desde a perspectiva de muller».

Malia que esta confesión inicial de March con respecto á natureza da súa tarefa como tradutora de Rosalía resultará, sen dúbida, controvertida para quen (inxenuamente) entenda que a tradución deba de ser un proceso automático, aséptico e «neutral», exento de «manipulacións» e «intervencións», o certo é que a explicación do seu posicionamento estético e político debe de ser entendida como unha actitude eminentemente ética. Á idea da ética e da tradución volverei referirme máis

2 Todas as traducións das citas en inglés son miñas.

adiante. Interésame agora examinar a postura de March cando aclara que, coas súas propostas de tradución de *Flavio* e *El caballero de las botas azules*, «suxiro que o achegamento á tradución sexa feminista, porque en cuestións de xénero é onde penso que xace o valor das obras».

Unha das pioneiras dos estudos de xénero e tradución, a canadense Sherry Simon, sinala que, como sucede con outros actos de comunicación e formas de escrita, a tradución pertence ao mundo dos valores e das ideas. A tradución, lembra Simon, «é en si mesma un acto fundamente relacional que establece ligazóns entre texto e cultura, entre autor/a e lector/a» (Simon 1996: 83). É por iso que as intencións da tradución non se poden entender illadas, (no baleiro aséptico e neutral do que falaba antes), senón en relación cun marco social, político e intelectual concretos. Así entende tamén March a súa tarefa como tradutora de Rosalía e, por iso, explica o seu particular «acto relacional» como unha homenaxe: «Traduzo porque Rosalía merece ser traducida, polo que fixo polas letras galegas e pola súa capacidade literaria». Como March afirma, non é posible ser unha tradutora obxectiva de Rosalía porque, como ela ben argumenta, «entre a creación do orixinal e a publicación dunha tradución acontecen moitas cousas». A noción do texto traducido como controvertido espazo de interpretación, que introducín con anterioridade, cobra aquí unha relevancia fundamental. March reafirmase na súa decisión de actuar como unha tradutora transgresora no senso de que, como amosan as súas escollas léxicas e a construción do ton nos exemplos que presenta, as súas achegas ás dúas novelas transportan ambos os textos a espazos prohibidos: «Quero axudar a tirar, dunha vez para todas, a máscara da “santiña” [...]. Quero disfrazala das roupas dos que desexan a sonda e a *tenure* no seu labor de críticos literarios».

Neste senso, resulta evidente que a contribución da March tradutora de *Flavio* e *El caballero de las botas azules* converxe cos intereses da March como destacada crítica e estudiosa da literatura galega no ámbito internacional que invoca, por unha parte, a relevancia das perspectivas intertextuais cando reclama «abranguer a obra completa de Rosalía» e, pola outra, a importancia dos estudos comparados que afondan nunha óptica transnacional. En traballos anteriores, March demostrou a existencia de semellanzas moi significativas entre Rosalía e as literatas en inglés do século dezanove³ o que a levou a desterrar a imaxe da escritora como «periférica»:

3 Véxase March (2012).

«construín un contexto máis amplo como lectora e vin que Rosalía —seica soa na súa patria como muller con aspiracións literarias— formaba parte dun grupo internacional».

A necesidade de establecer unha xeografía literaria alternativa que posibilite a emerxencia dun espazo cultural amplo, transnacional, máis alá das construcións dos marcos críticos tradicionais creados para o estudo das literaturas nacionais, foi reivindicada por Pascale Casanova no seu *La République mondiale des lettres* (1999). Casanova explica que, neste contexto, a tradución resulta fundamental porque contribúe de modo singular á circulación da literatura e, en consecuencia, ao desenvolvemento dunha achega internacional á crítica literaria. March, pola súa parte, amósase tamén extremadamente sensibilizada coa necesidade de internacionalizar a Rosalía a través da tradución xa que, como explica, a literata galega participou nunha comunidade de escritoras, a ambos os lados do Atlántico⁴, ás que tivo que achegarse lendo en revistas estranxeiras precisamente a través da tradución.

Deste xeito, March conclúe cunha afirmación que mesmo podería parecer paradoxal: «Traduzo, entón, para os galegos». Entendo esta declaración como unha provocación cun obvio sentido de transgresión que é tamén o que subxace ás súas propostas subversivas na práctica tradutolóxica que aplica ás dúas novelas. Engade, así, a profesora March unha nova conceptualización á longa lista de tropos sobre a tradución. Traducir para o galegos e galegas vén a significar aquí non só resituarse radicalmente a Rosalía nun contexto novo, senón, o que é aínda máis importante, desestabilizar o contexto consolidado que canonizou a escritora galega coa «máscara da santiña». Noutras palabras, traducir *Flavio* e *El caballero de las botas azules* convértese necesariamente nun proceso de «desenmascarar» o sentido oculto que lles foi negado ás lectoras e lectores (galegos) orixinais porque, como explica March, «ambas as dúas novelas presentan ideas que non foron entendidas no seu momento de publicación». Atopamos aquí, como xa anunciei, a expresión dun compromiso eminentemente ético por parte de quen traduce.

No seu artigo titulado «The Poet's Version; or, An Ethics of Translation» (2011)⁵, Venuti apóiase no pensamento do filósofo francés Alain Badiou, en concreto no

4 Sobre a relevancia da tradución en relación coa idea dunha comunidade atlántica de escritoras, véxase Palacios (2012) e Silva (2011-2012).

5 Agradézolle ao profesor Lawrence Venuti, quen me fixo chegar unha copia electrónica do artigo, os seus interesantes comentarios e as súas suxestións.

seu concepto dunha «ética da verdade» que promove a innovación e a igualdade fronte ao «simulacro» (Venuti 2011: 239) que, pola contra, serve aos intereses da conformidade dominante. Venuti proclama que:

Unha tradución, polo tanto, podería ser avaliada en relación ao seu impacto, potencial ou real, nas institucións sociais e culturais do contexto de recepción, en relación a se desafia os estilos, xéneros e discursos que teñen acadado a autoridade institucional e en relación a se impulsa o xurdimento de innovación no pensamento, na investigación e na escrita. (Venuti 2011: 240).

Para Venuti, a mala tradución é a que, ao cingirse ás normas culturais establecidas, imposibilita a aparición dunha interpretación alternativa, diferente. Consciente de que toda tradución constitúe necesariamente unha transformación, o crítico invoca a outro estudoso da tradución, Antoine Berman, para sinalar que a dimensión ética da tradución reside na súa capacidade de «revelar o estranxeiro como estranxeiro no seu propio espazo lingüístico» (Venuti 2011: 241). Malia que non é doado resumir aquí de xeito simplificado as complexas conexións que o crítico estadounidense propón nas súas digresións ao redor da ética e da tradución, propoño reflexionar sobre a relevancia dalgunhas destas ideas no contexto da intervención de March.

Reescribir na lingua inglesa ambas as dúas novelas de Rosalía constitúe, en palabras de March, «pór á descuberta o que no texto orixinal non se vía». Aquí entendo eu que reside, precisamente, o carácter simultaneamente transgresor e ético da súa achega. Se como Venuti expón, a tradución debe contribuír á creación dun novo coñecemento, ausente ata ese momento nas institucións dominantes da cultura receptora, a idea de March de traducir Rosalía «para os galegos» non só resulta extremadamente coherente, senón que se fai imprescindible. March revela á Rosalía estranxeira na súa propia cultura e atópalle, a través da lingua inglesa, un novo fogar que lle permita existir en liberdade, como muller e feminista, sen as máscaras das interpretacións tradicionais. Coas súas versións de *Flavio* e *El caballero de las botas azules*, March abre un camiño ás interpretacións diferentes, transporta ambas as dúas obras a un espazo alternativo e proponlles aos galegos e galegas unha forma nova de (re)coñecer a unha Rosalía insólita e audaz.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BASNETT, Susan / André LEFEVERE (eds.) (1990): *Translation, History and Culture*, London / New York, Pinter.
- BASNETT, Susan / André LEFEVERE (1998): *Constructing Cultures: Essays on Literary Translation*, Clevedon, Multilingual Matters.
- CANEDA CABRERA, M.^a Teresa (1998): «Literatura, traducción e reconfiguración da identidade nacional: a “apropiación galega” do *Ulises*», *Grial*, 137, 87-97.
- CANEDA CABRERA, M.^a Teresa (1999): «Literature, Translation and Ideological (Trans)action», en Alberto Álvarez Lugrís / Anxo Fernández Ocampo (eds.), *Anovar!Anosar: Estudos de Traducción e Interpretación*, Vigo, Universidade, 167-175.
- CANEDA CABRERA, M.^a Teresa (2001): «Translation and Community: Negotiating the Inscription of English Literature in Spain», en Ann Barr (ed.), *Últimas corrientes teóricas en los estudios de traducción y sus aplicaciones*, Salamanca, Ediciones de la Universidad de Salamanca, 101-108.
- CANEDA CABRERA, M.^a Teresa (2006): «Quen lle ten medo a James Joyce? Reflexións en torno á inminente tradución galega de *Ulysses*», *Viceversa*, 12, 79-91.
- CASANOVA, Pascale (1999): *La République Mondiale des Lettres*, París, Seuil.
- LEFEVERE, André (1992): *Translation, Rewriting and the Manipulation of Literary Fame*, London, Routledge.
- MARCH, Kathleen (2012): «Serían as súas verbas ou as súas vestimentas? Literatas de ambas as dúas oreas do Atlántico», *Grial*, 194, 34-41.
- PALACIOS GONZÁLEZ, Manuela (2012): «Glocal Identities in Translation», *Word and Text*, II:2, 62-74.
- SILVA FERNÁNDEZ, Vanessa (2011-2012): «Traducir pontes: traducións de poesía contemporánea de muller entre Galicia e Irlanda», *Viceversa*, 17-18, 81-111.
- SIMON, Sherry (1996): *Gender in Translation: Cultural Identity and the Politics of Transmission*, London, Routledge.
- VENUTI, Lawrence (1998): *The Scandals of Translation: Towards an Ethic of Difference*, London, Routledge.
- VENUTI, Lawrence (2000): «Translation, Community, Utopia», en Lawrence Venuti (ed.), *The Translation Studies Reader*, London, Routledge, 468-488.
- VENUTI, Lawrence (2005): «Local Contingencies: Translation and National Identities», en Sarah Berman / Michael Wood (eds.), *Nation, Language and the Ethics of Translation*, Princeton, Princeton UP, 177-202.
- VENUTI, Lawrence (2011): «The Poet's Version; or, An Ethics of Translation», *Translation Studies*, 4:2, 230-247.